

Ola familias, durante estes días nos que teremos que estar na casa, vou mandarvos actividades para que fagan os nenos cada día. Creo que así podemos organizar mellor o traballo e vos será máis fácil. En principio enviarei todos os días pola tarde as que hai que facer o día seguinte. Isto é para que cada un de vós, adaptedes á vosa situación, é dicir, facede o que poidades. Os traballos que envío de matemáticas e linguas estes primeiros días son de repaso. Cando fagamos algo que non está explicado xa verei como vos fago chegar as explicacións. Estas fichas que poño na táboa de exercicios son as que vos enviei por tokapp este venres pasado. Estas actividades as podemos facer nas mesmas fichas que enviei, se as podedes sacar por impresora, se non, poden copiar páx e ex e mirando polo móbil ou ordenador, facelas nun papel aparte. Se tedes algunha dúbida escribíndeme ao tokapp ou ao correo e arranxamos. Doutra parte ánimovos tamén a que todas as tardes os nenos fagan 30 ou 40 min de exercicio, hai tutoriais en internet para facer ximnasia na casa cos nenos que están moi ben. Ben, espero que todo vaia xenial e xa veredes como entre todos saímos desta situación o máis rápido posible. Un saúdo, Susana.

LUNS	
9:00- 10:00	CÁLCULO: 6.435-879= 678X45= 6.875:3= LER DÚAS FOLLAS DUN LIBRO E FACER UN RESUMO. Estes días imos ler un libro, calquera que nos guste que teñamos por casa, iremos facendo pequenos resumos do que imos lendo cada día e o que queira pode facer un debuxo debaixo do lido ese día. Isto o faremos en calquera folla que teñamos e iremos poñéndoas todas xuntas ata que rematemos os resumos do libro.
10:00- 10:30	DESCANSO
10:30- 11:30	FICHA REPASO MATEMÁTICAS TEMA 6 EXERCICIOS 1, 2 e 3. FICHA REPASO LINGUA CASTELÁ TEMA 5, EX 1, 2 e 3.
11:30- 12:00	DESCANSO - MERENDA
12:00- 13:00	LER PÁX 22 e 23 DO TEMA “A TERRA, UN PLANETA DIFERENTE” E FACER AS PREGUNTAS DE FORMA ORAL.
13:00- 14:00	FICHA REPASO LINGUA GALEGA TEMA 5 EX 1, 2 e 3.

O horario o puxen para orientarnos e cada un o fará como mellor lle vaia.

Saúdos.

Déixovos tamén o seguinte listado de iniciativas de Apps españolas que ofrecen gratis os seus contidos para axudar a que os nenos e nenas sigan aprendendo dende casa:

Academons Primaria: la App de Homeschooling está ofreciendo 30 días de acceso gratis a todo su catálogo de juegos de Matemáticas, Lengua, Inglés, Ciencias y Science [http://bit.ly/Academons Gratis](http://bit.ly/Academons_Gratis)

Ta-tum: del grupo editorial Edelvives, ofrece acceso gratuito hasta el mes de julio a esta plataforma para el fomento de la lectura [http://bit.ly/Edelvives Tatum](http://bit.ly/Edelvives_Tatum)

Smartick: esta App malagueña está ofreciendo acceso 15 días gratis a su App para repasar las matemáticas. [http://bit.ly/Smartick 15](http://bit.ly/Smartick_15)

Genially: la plataforma para hacer presentaciones interactivas ofrece por un tiempo limitado sus plantillas y recursos Premium gratis <http://bit.ly/Genially>

AMCO: Acceso los juegos de Mates y Lengua de su App Eduzland gratis por un tiempo limitado <https://amconews.es/eduzland/>

Smile and Learn: esta App para los más pequeños de la casa está ofreciendo acceso gratuito durante un mes a su catálogo de juegos interactivos. [http://bit.ly/smile learn](http://bit.ly/smile_learn)

M.A.R.S.: esta App del grupo SM ofrece códigos descuento para acceder a los contenidos de 3º a 6º de Primaria. [http://bit.ly/MARS App](http://bit.ly/MARS_App)

Cerebriti Edu: ofrece sus más de 50.000 juegos de Primaria y Secundaria gratis hasta final de curso [http://bit.ly/Cerebriti Edu](http://bit.ly/Cerebriti_Edu)

MARTES

9:00-10:00	CÁLCULO: 9.213+5.312= 956x39= 456:7= LER DÚAS FOLLAS DO LIBRO, FACER UN RESUMO E O QUE QUEIRA UN DEBUXO DO RESUMIDO.
10:00-10:30	DESCANSO
10:30-11:30	FICHA REPASO MATEMÁTICAS TEMA 6 EXERCICIOS 4, 5 e 6. FICHA REPASO LINGUA CASTELÁ TEMA 5, EX 4 e 5.
11:30-12:00	DESCANSO - MERENDA
12:00-13:00	LER PÁX 24 e 25 DO TEMA “A TERRA, UN PLANETA DIFERENTE” E FACER AS PREGUNTAS DE FORMA ORAL.
13:00-14:00	FICHA REPASO LINGUA GALEGA TEMA 5 EX 4, 5 e 6.

Ola familias aí envío o traballo para mañá, espero que os vaiades arranxando para facelo.
Unha aperta forte a todos e FORZA E ÁNIMO.

MÉRCORES	
9:00- 10:00	CÁLCULO: 6.125-896= 542X72= 964:6= LER DÚAS FOLLAS DO LIBRO, FACER UN RESUMO E O QUE QUEIRA UN DEBUXO DO RESUMIDO.
10:00- 10:30	DESCANSO
10:30- 11:30	FICHA REPASO MATEMÁTICAS TEMA 6 EXERCICIOS 6, 7, 8 e 9. FICHA REFORZO LINGUA CASTELÁ TEMA 5, EX 1, 2 e 3.
11:30- 12:00	DESCANSO - MERENDA
12:00- 12:45	LER PÁX 26 e 27 DO TEMA “A TERRA, UN PLANETA DIFERENTE” E FACER NUN FOLIO O CICLO DA AUGA.
12:45- 13:15	DESCANSO
13:15- 14:00	FICHA REFORZO LINGUA GALEGA TEMA 5 EX 1, 2 e 3.

Bo día a todos!!!! mañá comezamos a “ponte”, non mandarei deberes obrigatorios pero vos reto a facer algunha tarefa. Aí van:

- Ler 10 páxinas mínimo dun libro cada día.
- Se tedes na casa, montar un puzzle; se non, pódese facer un debuxo, recortalo e logo montalo.
- Facer unha manualidade para alguén especial, nela poñerán unha nota con 6 cousas polas que esa persoa é especial para eles. Podedes facer a que queirades pero aquí abaixo envío unha proposta que estábamos a facer na clase de valores, é de un bufo feito cun rolo de papel hixiénico (dáme a risa só de pensalo, imaxino que toooodos teredes para facer jeje). Logo habería que pegarlle ao bufo a nota que escribimos.
- Inventar un xogo de mesa, elaboralo e escribir as instrucións.
- Que os nenos elaboren un tangram e xoguen con el. Para isto envíovos nun arquivo un tangram, vai explicado tamén o que é e como se xoga. Eu o fixen na casa, na parte 6 está o modelo de tangram, eu imprimín só esta folla (se non podedes imprimir pódese copiar nun folio e facelo igualmente), recortei o tangram, o peguei sobre unha cartolina e logo recortei as pezas (así coa cartolina queda máis firme e non se dobra). Recomendo que ao principio os nenos fagan a figura coa solución diante.

Envíovos unha forte aperta e MOITA FORZA E ÁNIMO.

Susana

BUHOS SIMPÁTICOS

Su realización es sencilla, solo necesitamos rollos de papel higiénico vacíos, papeles de colores diversos, cola y tijeras. En primer lugar envolvemos los rollos en papel de colores, y posteriormente enganchemos las “plumas” y las “alas” realizadas a su vez con trozos de papel recortados en forma de gota. El pico y las patitas se hacen de color amarillo, excepto en el que ya es de ese color, en cuyo caso utilizaremos el naranja o rojo para darle contraste. Finalmente pondremos los ojos hechos con

dos pequeños círculos de papel blanco y negro y pegaremos una pequeña perlita en el centro a modo de iris.



Ola de novo familias, espero que todos sigades ben. Imos a polo luns, aclaro que na lectura diaria do libro e o resumo que hai que facer é conveniente que se podedes os nenos lean en voz alta e vós ao finalizar lles preguntedes que pasou, que é o que leron, que pasa na historia... Isto lles axudará a facer o resumo.

LUNS 23 MARZO	
9:00- 10:00	CÁLCULO: 985+631= 860X36= 9.325:8= LER DÚAS FOLLAS DO LIBRO, FACER UN RESUMO E O QUE QUEIRA UN DEBUXO DO RESUMIDO.
10:00- 10:30	DESCANSO
10:30- 11:30	FICHA REFORZO MATEMÁTICAS TEMA 6 EXERCICIOS 1, 2, 3, 4, 5 e 6. FICHA REFORZO LINGUA CASTELÁ TEMA 5, EX 1, 2 e 3 OS ANTÓNIMOS.
11:30- 12:00	DESCANSO - MERENDA
12:00- 12:45	FACER EX 5, 6 e 7 DA PÁX 27 DO TEMA “A TERRA, UN PLANETA DIFERENTE”. ESTUDAR O CICLO DA AUGA E O QUE É A HIDROSFERA.
12:45- 13:15	DESCANSO
13:15- 14:00	FICHA REFORZO LINGUA GALEGA TEMA 5 EX 1, 2 e 3 PALABRAS CON R-RR.